

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O  
DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2019**

No Concello da Laracha (A Coruña) a trece de decembro do dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, e co fin de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria do Concello Pleno conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, reúnense na Casa Consistorial os srs. Concelleiros/as que a continuación se relacionan:

**Sres Asistentes**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA  
**CONCELLEIROS/AS**  
JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO  
JESÚS SOUTO PENA  
RAMIRO BELLO RECOUSO  
JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA  
ROCÍO LÓPEZ REY  
PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO  
ADELINA LISTE MONELOS  
CRISTINA VIEITES CALVO  
PABLO CAMBÓN BÉRTOA  
BEGOÑA DOMÍNGUEZ  
PATIÑO  
MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ  
CASTIÑEIRA  
ALBA DOLORES TOBA  
FERREIRO  
JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS  
MARÍA PILAR NEIRA  
MARTÍNEZ  
XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ  
CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretaria, a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Aberto o acto pola Presidencia, a continuación procedese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

Previo ó inicio da sesión a Corporación garda un minuto de silencio pola vítimas de violencia de xénero desde ano 2019

Aberto este pola Presidencia, a continuación procedeuse ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO ACTA DA SESIÓN DA CORPORACIÓN DE DATA 8 DE NOVEMBRO DE 2019.-**

Non habendo intervencións enténdese aprobada a acta por unanimidade.

**2.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA**

Explica o alcalde en funcións que se traen a Pleno os Decretos que van dende o 20 de setembro de 2019 ( nº 753) ata o 9 de decembro de 2019 ( nº 1027)

Non se producen intervencións.

**3.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS CELEBRADA O DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2019 DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL D COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ( PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2020.**

Dase lectura por parte da Secretaria ao ditame:

“ A Comisión informativa de Asuntos Xerais en sesión celebrada o día 10 de decembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta de alcaldía:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	316.978,97€
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>			

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Inversións financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>ACTUACIONES EN LAS PARROQUIAS DE CABOVILAÑO, COIRO, LENDO, SOANDRES, MONTEMAIOR Y VILAÑO:</b> 1.- CAMINOS NOGÁN, AS RIVAS, A TEIXOEIRA Y CARDOIS (1018, Sx 88, 13013.3) 2.- CAMINO EN O PEREIRO (P 3020.1) 3.- CAMINOS A LISTA OS ABELARES (7004, 7005, P7004, 7007, 7009) 4.- CAMINOS EN CAMPO MEDADO (10089 Y 10089.1) 5.- CAMINOS RIBEIRIÑA Y A CERDEIRA (9001, 9004.1, 9005, 9006, 9007) 6.- CAMINO VILAÑO VELLO (SX 87)			76.711,81€
<b>Subtotal inversións achega provincial 2019</b>			76.711,81€

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<b>SANEAMIENTO Y PAVIMENTACIONES EN NÚCLEO DE XERMAÑA</b> (2022 y P2021)			58.610,38€
<b>ACTUACIONES EN PARROQUIAS DE ERBOEDO, LESTON Y MONTEMAIOR:</b> 1.1- ACCESOS O VILAR (4011, 4013, P4012, P4013 Y 4010.2) 1.2.- ACCESO A LONGRA (3009,3009.3 y P3004) 1.3.- ACCESOS O TOURAL (4004) 1.4.- NÚCLEO DE VILARMAIOR (4015) 2.1- CAMINO EN PORTA SANTA (8011) 3.1- NÚCLEO DE CUMIANS (SX105) 3.2.- CAMINO A FIEIRA (9088 Y 9088.1)			131.328,92€
<b>ACTUACIONES EN LAS PARROQUIAS DE CABOVILAÑO Y SOANDRES:</b> 1.- CAMINO O CHAMUSCO A AREN (SX23) 2.- NÚCLEO DE BOCIXA (SX47, 10020 y 10044)			99.539,06€
<b>Subtotal inversións préstamo provincial 2020</b>			289.478,36€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	<b>Achega 2020</b>	316.978,97€		316.978,97€
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020			
	Achega 2019	76.711,81€		76.711,81€
	Préstamo 2020	289.478,36€		289.478,36
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020			
	Achega 2019			
	Préstamo 2020			
	<b>TOTAL</b>	<b>683.169,14€</b>		<b>683.169,14€</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
--	-----------

<b>ACTUACIONES EN LAS PARROQUIAS DE TORAS, CABOVILAÑO Y COIRO:</b> 1.1.- RÚA RIO ANLLONS Y RÚA MONTEMAIOR 1.2.- RÚA EUSEBIO BERTOIA 2.1.- CAMINOS EN OLDAN Y ACCESOS (P-1032, 1032 y 1034) 3.1.- CAMINO DE REQUESENDE A FERRULLEIRA (SX 78) 3.2.- CAMINO A FERRARIA, A RIBA Y COMPAÑEIRO (SX 74)	150.217,22€
<b>ACTUACIONES EN LAS PARROQUIAS DE CABOVILAÑO, COIRO Y VILAÑO:</b> 1.1.- CAMINO O CASTRO A LAGARTEIRA (SX 19.1) 1.2.- NÚCLEO DE CASANOVA (1016.2 Y 1016.3) 2.1.- CAMINOS FERRULLEIRA A DP-1913, FONTEFRÍA Y FORNOS (SX 75, 3042 Y 3043) 3.1.- CAMINO RAMALLAL A PIÑA (SX 97) 3.2.- CAMINO VISTA ALEGRE A SAMIRO (SX92 Y P13020)	199.595,96€
<b>TOTAIS</b>	349.813,96

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e manifesta o voto a favor do seu grupo.  
 Intervén a concelleira socialista María Palomi Rodríguez e manifesta o voto a favor do seu grupo.

Intervén o alcalde para explicar que si ben a cuantía asignada a este concello neste Plan único é 316.000€ menos que o do ano pasado, existe compromiso da Deputación de igualar a cuantía ao longo do 2020.

Sométese a votación o ditame resultando aprobado por unanimidade.

**4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.**

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión celebrada o día 10 de decembro de 2019 ditaminou favorablemente a seguinte proposta

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DE RPT ( CREACIÓN DE POSTO DE TESOURERÍA HABILITADO, AMORTIZACIÓN DE TÉCNICO MEDIO DE INTERVENCIÓN E CREACIÓN DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA DEPARTAMENTO DE ASUNTOS ECONÓMICOS

**ASUNTO: MODIFICACIÓN DE RELACIÓN POSTOS DE TRABALLO**

*Expediente TEdC: 2019/X999/000333*

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

*Constan no expediente os seguintes documentos:*

- *Providencia de alcaldía de 29 de outubro de 2019*
- *Informe técnico- xurídico de modificación da RPT municipal para a creación de determinados postos de traballo ( Tesourería e Auxiliar Administrativo do Departamento de Servizos Económicos) e amortización de posto de traballo ( Técnico (de xestión) de Intervención – Tesoureiro) os traballos de modificación foron encargados á empresa GALVALIAS.L.; A proposta é a seguinte*
- *Audiencia da modificación puntual da RPT aos sindicatos mais representativos ( CSIF recibida o 7/11/2019, UGT recibida o 5/11/2019, CCOO recibida o 5/11/2019 e CIG recibida o 5/11/2019).*
- *Audiencia ás Delegadas de persoal laboral deste Concello da Laracha*

**POSTOS DE TRABALLO QUE SE AMORTIZAN:**

*Trátase dun total dun (1) posto de traballo, de funcionario*

*Na área económico-financeira:*

*02.00.00.02 Técnico de Intervención. Posto de funcionario.*

**POSTOS DE TRABALLO DE NOVA  
CREACIÓN:**

*Trátase dun total de dous postos de traballo,  
de funcionarios*

*02.00.00.02 Tesoureiro (funcionario de Administración Local con*

*habilitación de carácter nacional)*  
*02.00.00.06 Auxiliar Administrativo*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*A lexislación aplicable no procedemento de aprobación e por tanto de modificación da Relación de Postos de Traballo é a seguinte:*

*-Os artigos 31 e seguintes, 69 e 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.*

*-Os artigos 22.2.i) e 90.2 da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

*-Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.*

*-O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública. Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.*

*-O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.*

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

- O Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

- O Real decreto-lei 24/2018, de 21 de decembro, pola que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público

- Leis de orzamentos xerais do Estado anuais en relación cos límites aos incrementos retributivos.

*Consta no expediente informe emitido pola Secretaria e o Interventor do Concello que cita:*

A RPT, como base da organización de recursos humanos de tódalas Administracións Públicas, e entre elas, a local, aparece regulada por primeira na función pública española, coa referida denominación, no artigo 15.1. da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

*En similares termos a la LMFRP o artigo 1 da Orden de 2 de decembro de 1988, do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, regulou este instrumento dispoñendo que: “As relación de postos de traballo da Administración do Estado son o instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación de persoal, dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto, así coma a súas características retributivas”.*

*Na actualidade, o artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBE), establece que: “As Administracións Públicas estruturarán a través de relación de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ó menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación*

*profesional, os corpos ou escalas, ou no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos”.*

Con respecto á referencia que fai o EBEP a eses “outros instrumentos organizativos similares”, tense que ter en conta que a teor do establecido no nº 2 da Disposición Final Cuarta del EBEP, ata tanto non se diten as leis de función pública e as normas de desenvolvemento regulamentario manteranse en vigor en cada Administración Pública as normas vixentes sobre ordenación, planificación e xestión de recursos humanos en tanto non se opoñan ó establecido no EBEP.

Por tanto, continúan en vigor, a regulación que fai o LMRFPF da RPT en canto medio técnico necesario para a ordenación do persoal ó servizo da respectiva Administración, e por tanto as modificacións puntuais que poidan levarse a cabo nunha RPT xa aprobada.

(...)

(..)A STS de 5 de febreiro de 2014 (recurso de casación nº 2986/2012) comporta un xiro na anterior xurisprudencia, e considera que a natureza da RPT e coma consecuencia unha modificación da mesma é un acto administrativo; Neste informe resaltasen as consideracións máis importantes:

*“El criterio asentado en la doctrina y en la jurisprudencia, para la distinción entre acto y norma, el que se centra en la consideración de si el acto de que se trata innova o no en el ordenamiento jurídico, integrándose en él, con carácter general y abstracto, y siendo susceptible de ulteriores y sucesivas aplicaciones; o si se trata de un acto ordenado que no innova el ordenamiento, sino que es un acto aplicativo del mismo, en cuya aplicación se agota la eficacia del acto.*

*Sobre esta base conceptual...entendemos que la RPT no es un acto ordenador, sino un acto ordenado, mediante el que la Administración se autoorganiza, ordenando un elemento de su estructura como es el del personal integrado en ella.*

*...Sobre la base de la concepción de la RPT como acto administrativo, será ya esa caracterización jurídica la que determinará la aplicación de la normativa administrativa rectora de los actos administrativos, y la singular del acto de que se trata, la que debe aplicarse en cuanto a la dinámica de su producción, validez y eficacia, impugnabilidad, procedimiento y requisitos para la impugnación, en vía administrativa y ulterior procesal, y no la que corresponde a la dinámica de las disposiciones generales.”*

Atendendo a esta natureza, as fases neste proceso de modificación da RPT son as enumeradas a continuación:

Unha PRIMEIRA FASE de estudos previos que comporta descrición, análise, valoración e clasificación de postos de traballo (fase técnica do proxecto). Este e o documento elaborado pola empresa Galivalia S.L.. asinado por Jesús Fernández Ramos

Unha SEGUNDA FASE de emisión de informes internos de contido económico e xurídico



Unha TERCEIRA FASE, QUE PROCEDE DE FORMA PREVIA Á APROBACIÓN INICIAL POLO PLENO DA CORPORACIÓN, de audiencia ás organizacións sindicais en virtude do disposto no articulado do Estatuto Básico do Empregado Público (34 e 37 c); é dicir, é imprescindible con arranxo ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por RD 5/2015 negociar esta modificación puntual de RPT.

Unha CUARTA FASE: Informe da Comisión Informativa pertinente.

Unha QUINTA FASE de aprobación da relación de postos de traballo que lle corresponde o órgano plenario en virtude do disposto no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local , atribución de natureza indelegable.

Unha SEXTA FASE : Trala aprobación inicial polo Pleno da Corporación por maioría simple, publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia

*Así mesmo o informe conclúe:*

1.- Esta proposta de modificación de relación de postos de traballo define cada posto de traballo en base a unha serie de elementos: código, denominación, dotación, complemento de destino, complemento específico, tipo de posto, forma de provisión, adscripción a administracións públicas, adscripción a grupos, adscripción a escalas, adscripción a subescalas, titulación mínima necesaria para ocupar o posto de traballo, outro tipo de formación específica necesaria para ocupar o posto aparte da académica. A definición recollida de cada posto de traballo na proposta a analizar da cumprimento os parámetros indicados na lexislación aplicable.

(...)

Neste sentido, como se motiva na Providencia e na documentación que consta no expediente, trátase dunha modificación puntual da RPT vixente que supón amortizar un posto vacante por duplicidade de funcións con novo posto (o técnico de intervención), e crear outro posto (o auxiliar administrativo), necesario para adecuar a nova estrutura dos servizos económicos do concello á existencia de dous postos de habilitados nacionais. A diferenza resultante suporá un incremento das retribucións que a continuación se detalla, e que debe ser entendido como un dos supostos excepcionais regulados no apartado sete do artigo 18 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 (adecuación retributiva de carácter singular e excepcional). Trátase dun incremento asumible polo orzamento municipal dada a importancia relativa que supón a dita contía sobre o montante total do orzamento, incluso sobre o total do capítulo 1:

- Retribución total bruta anual do posto amortizado (Técnico de intervención): 39.841,34 euros
- Retribución total bruta anual dos postos creados:
- Tesoureiro: 51.174,48 euros

- o Auxiliar Administrativo: 21.725,62 euros
- Diferenza: 33.058,75 euros

*Por outra banda faise necesario modificar a denominación do posto de traballo creado na Relación de Postos de Traballo do Concello da Laracha (aprobada definitivamente polo Pleno o 25 de novembro de 2009) como reservado a persoal eventual coas características e retribucións sinaladas na mesma:*

- Código do posto: 00.00.00.02. Denominación: Coordinador de subvencións.

Polo tanto, examinado o expediente, transcorrido un prazo superior a 15 días hábiles dende que se le deu audiencia aos sindicatos e as Delegadas de Persoal sen obter ningunha resposta, PROPOÑO AO PLENO O SEGUINTE:

- 1º.-Modificar a denominación do posto de traballo reservado a persoal eventual co Código 00.00.00.02 pasando a denominarse Asesor de Gabinete de alcaldía.**
- 2º.-Aprobación inicial da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo por maioría simple, publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia.**
- 3º.- A aprobación queda como segue:**

**POSTOS DE TRABALLO QUE SE AMORTIZAN:**

*Trátase dun total dun (1) posto de traballo, de funcionario  
Na área económico-financeira:  
02.00.00.02 Técnico de Intervención. Posto de funcionario.*

**POSTOS DE TRABALLO DE NOVA  
CREACIÓN:**

*Trátase dun total de dous postos de traballo,  
de funcionarios  
02.00.00.02 Tesoureiro (funcionario de Administración Local con  
habilitación de carácter nacional):  
02.00.00.06 Auxiliar Administrativo*

*A ficha de Auxiliar administrativo funcionario de carreira xa non se crea por existir o posto da RPT. Por tanto o novo posto de Auxiliar Administrativo para o Departamento de Servizos Económico terá a mesma ficha que os xa existentes*

*Respecto ao posto de Tesoureiro habilitado, por ser de nova creación a ficha queda como segue:*

<b>02. DEPARTAMENTO DE SERVICIOS ECONÓMICOS</b>
INTERVENTOR/A
TESOUREIRO/A
ADMINISTRATIVO/A

AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A 2 ( 1 de nova creación)

- Proposta de ficha descriptiva individual do novo posto de Tesoureiro/a:

De conformidade co disposto nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, realízase a seguinte proposta de funcións principais:

<b>CÓDIGO</b>	02.00.00.02
<b>DENOMINACIÓN</b>	TESOUREIRO/A
<b>ÁREA DE ADSCRICIÓN</b>	DEPARTAMENTO DE SERVICIOS ECONÓMICOS
<b>TIPO DE PERSOAL</b>	F
<b>ESCALA</b>	H.E.
<b>GRUPO</b>	A1
<b>FUNCIÓN</b>	<p>Asumir a responsabilidade sobre a prestación das funcións propias da Tesourería, co alcance que determina o RD 128/2018, demais normativa de aplicación e a presente RPT.</p> <p>Colaborar na organización do departamento.</p> <p>Realizar asesoramento financeiro á corporación.</p> <p>Elaboración e tramitación de propostas de aprobación e/ou modificación de ordenanzas e demais instrumentos reguladores de ingresos de dereito públicos (ordenanzas fiscais, reguladoras de prezos públicos, prestacións patrimoniais de natureza non tributaria, etc).</p> <p>Confección e actualización dos padróns e tramitación administrativa para o cobro dos mesmos, xestión da recaudación dos ingresos non delegados noutros organismos, control e seguimento dos ingresos de recaudación, relacións cos contribuíntes, inspección tributaria e resolución de recursos e reclamacións en materia tributaria.</p> <p>Emitir circulares e instrucións internas respecto aos procedementos de xestión do pagamento que levan a cabo os restantes departamentos e unidades.</p> <p>Confección das nóminas dos empregados municipais, xestión das altas e baixas ante a TGSS, tramitación dos seguros sociais e tratamento das súas incidencias.</p> <p>Colaboración coa Intervención municipal e coa Alcaldía na elaboración dos estados de gastos e ingresos do proxecto de orzamentos e emisión do informe económico-financieiro que forma parte de dito proxecto.</p> <p>Colaboración directa coa Intervención municipal nas funcións de contabilidade e na formación dos estados orzamentarios e contables que recollan a información económica-financieira que deba ser remitida ao Ministerio de Facenda, Tribunal de Contas e demais organismos, de conformidade coa normativa de aplicación.</p>

	Control e seguimento das subvencións, transferencias e demais aportacións finalistas a gastos do Concello, nas súas diferentes fases de solicitude, concesión ou denegación, xustificación e ingreso ou devolución.
	Prestar asesoramento, no eido das súas funcións, cando así sexa requirido dende os diferentes departamentos ou servizos.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
<b>OBSERVACIÓNS</b>	

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

DENOMINACION	RESPONSABILID			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND
	RE. O	DI- CON	RELO							
	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS
TESOUREIRO/A	105	48	24	333	13	30	20	105	678	700

VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO

DENOMINACION	ESPECIAL.		RESPONSABILIDAD			COMP	XEF. M	COMPLEX		PUNT OS	REDO NDEO	GRUPO	NIVEL
	F. BAS	F. CO	RES. O	DIR .	REL. O			TERR.	FUNC.				
	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS	PTOS				
TESOUREIRO/A	150	100	49	48	28	150	140	12	153	830	850	A1	28

(FECHA: 19/12/2019 13:23:00)

(FECHA: 19/12/2019 12:47:00) , José Manuel López Varela


FIRMADO POR Cristina Castro Fuentes (FECHA: 19/12/2019 12:47:00) , José Manuel López Varela

Versión imprimible

CVD: 896j8FUY/143TYZNUKA  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO ESCALA	GRUPO	NIVEL	C.E. (12 PAGAS)	PROV.	R.N.	TITULACIÓN	FORM. ESPEC.	ADM.	OBSERVAC.
02.00.00.02	TESOUREIRO/A	F	H.E.	A1	28	19.076,74	C	R.N	LICENCIATURA, GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.E.	

O organigrama quedará do seguinte xeito:





Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e manifesta a súa conformidade coa reestructuración da área económica. Di que no que respecta á modificación da denominación do persoal eventual que é lóxica a modificación, algo xa reclamado polo seu grupo, pois entede que un persoal eventual non debe realizar labores administrativas.

A voceira do frupo socialista María palomi Rodríguez manifesta igualmente a súa conformidade.

Explica o alcalde que se trata dunha modificación para a incorporación dun habilitado nacional na Tesourería e un auxiliar administrativo no Departamento de servizos económicos.

Sométese a votación o ditame resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes.

## **5º MOCIÓNS DE URXENCIA**

### **5.1. MOCION DO BNG Nº 5660 DE REXISTRO RELATIVA A AXUDAS REPARACIÓN DANOS DO TEMPORAL**

Con base no temporal do pasado día 14 de novembro de 2019 solicitan do Plano a adopción dos seguintes acordos:

1º.- *Bonificación do 100% das taxas e licenzas urbanísticas para as obras de reparación dos danos do temporal.*

2º.- *Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha liña de axudas para as persoas afectadas, tanto por danos en vivendas como en empresas e instalación agrícolas.*

3º.- *Facilitar desde o concello apoio técnico e xurídico ás persoas afectadas*

Contesta o alcalde que non ten coñecemento de ningunha solicitude por esta causa.

Sométese a votación a urxencia. Resulta aprobada por unanimidade. Sométese a votación o fondo do asunto resultando aprobado por unanimidade.

### **5.2. MOCIÓN DO BNG Nº 6119 DE REXISTRO RELATIVA AO DRAMA DA EMIGRACIÓN**

Cuxa parte dispositiva di:

1º.- *Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando a Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.*

2º *Instar ao Parlamento de Galiza a constituir unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo galego. Deben ser eixos destas políticas:*

*.- A defensa da base produtiva e dunha economía autocentrada, que mobilice os nosos recursos para xerar emprego e riqueza en Galicia*

*.- A creación de emprego digno e de calidade*

*.- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar*

Intervén o alcalde e expón que certamente é un tema complicado que merece un estudo pormenorizado e que, en todo caso, trátase dun asunto autonómico. Que o seu grupo vai votar en contra da urxencia, o que se xustifica coa lectura por parte do concelleiro José Ramón Martínez dun argumentario.

A concelleira socialista María Palomi Rodríguez di, que no caso de que se aprobé a urxencia, faise necesaria a introducción dunha enmenda.

O concelleiro nacionalista Xoán Sande di que realmente o que se pide é que se priorice a constitución dunha ponencia sobre a emigración galega. Di o alcalde que o Goberno central debe facilitar o retorno dos emigrantes venezolanos e dos seus descendentes, que ese é un



problema moi urxente.

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 11 votos en contra ( PP) e 6 a favor ( 4PSOE + 2 BNG)

### **5.3. MOCIÓN DO PSOE CO Nº 6165 DE REXISTRO RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO POLÍGONO EMPRESARIAL**

Moción relativa á ampliación do Polígono Empresarial coa seguinte parte expositiva:

*.- Ao amparo do disposto no artigo 124 do ROF no seu apartado 3 “Sobre Comisións Informativas Especiais” o grupo municipal socialista propón ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:*

*.- A creación da Comisión Informativa especial que se denominaría Polígono Industrial e a súa repercusión no Concello.*

*Composición: formada polo viceiro/a do partido con representación municipal. Igualmente participará o Alcalde, así como a secretaria e o interventor a fin de informar do seguimento do proceso.*

*Poderán ser convidados os concelleiros/as da Corporación así como a xerente do SEA para comparecer na Comisión, ben a petición propia ou ben a instancia da Comisión.*

*Calendario da Comisión: a determinar. Non sería remunerada.*

*Presidencia: Determinarase na primeira sesión da comisión.*

*Obxectivos: o seguimento e información do procedemento aberto así como o estudo de repercusión que ten para os intereses municipais.*

*Duración: indeterminada ( ata que remate o proceso de ampliación)*

Dille o alcalde que le alegra que o PSOE se preocupe polo Polígono Empresarial. Que a súa ampliación entende que lle corresponde a SEA, do Goberno Central. Explica o alcalde que o plantexamento é ampliar o Polígono para a zona de lendo para non afectar a vivendas nin río. Que considera que non é precisa unha nova Comisión Informativa porque xa existe a de asuntos Xerais e pode encaixarse aí.

Pide a voceira socialista información despois de cada reunión na que se trate o tema da ampliación do Polígono.

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e di que tampouco apoia a creación dunha nova Comisión informativa por estar a de Asuntos Xerais .

Sométese a votación a urxencia da moción resultando rexeitada por 11 votos en contra do PP, 4 a favor ( PSOE) e 2 abstencións (BNG).

### **ROGOS**

**1.-** O concelleiro nacionalista Xoán Sande une os rogos con rexistro de entrada 6116 e 6118 para formular un único relativo ao cambio de ubicación dos contenedores situados no cruce das rúas Río Acheiro e Río Anllóns e o da entrada do cemiterio vello de Torás. Contéstalle o alcalde que xa está atendido.

**2.-** A concelleira socialista María Palomi Rodríguez co nº 6167 de rexistro presenta un rogo relativo ás queixas da veciñanza, en especial de Calvela e Requesende, polo mal estado de conservación e mantemento das estradas. Contesta o alcalde que é polas cortas pero que son as empresas que as efectúan que deben repoñer ó seu estado os desperfectos e para iso deben depositar un aval.

**3.-** A concelleira socialista María Palomi Rodríguez co nº 6167 de rexistro presenta un rogo relativo a que se proceda por parte da alcaldía ao estudo, deseño e posta en marcha de medidas gratuitas para a implantación de novos servizos para as telecomunicacións de uso gratuito ( rede wifi, cargadores de dispositivos móbiles, chamadas de emerxencia) que aproveiten o emprazamento e a infraestrutura das cabinas telefónicas públicas en desuso dentro do termo municipal da Laracha.

Contéstalle o alcalde que as cabinas teñen dono, que na que sí se debe actuar é na dos taxis para

a súa mellora. Di que quere anunciar que no ano 2021 haberá fibra óptica en todas as parroquias.

4.- A concelleira socialista María Palomi Rodríguez formula un rogo co nº6167 de rexistro relativo á posible adopción de medidas precisas para poder abrir a Bibiloteca municipal da Laracha os sábados, os domingos e os festivos, así como horario extraordinario para época de exámenes. Contéstalle o alcalde que a Biblioteca apenas ten usuarios. Que habería que estudar dende un punto de vista económico a posible rentabilidade de abrir os sábados, domingos e festivos xa que verdadeiramente o que funciona é o servizo de préstamo.

## PREGUNTAS

1.- Pregunta presentada polo voceiro do grupo nacionalista Xoán Sande co nº 6169 de rexistro relativa a si o Concello da Laracha ten feito ou ten previsto facer alguna acción inmediata para poñer en valor o Castro de Santa Baia e si o Grupo de Goberno tense posto en contacto co colectivo Romanarmy ou coa Dirección Xeral de Patrimonio para explorar as posibilidades dunha intervención arqueolóxica no Castro que permita afondar na investigación do campamento romano no Castro de Santa Baia como primeiro paso para unha posta en valor mais alá da necesaria protección da zona arqueolóxica. Respóndelle o alcalde que Laracha é un dos poucos concellos que elaborou un Plan Especial para protexer o seu patrimonio e adquirilo por medios propios. Que é certo que fai pouco apareceron petroglifos e mámoas. Que as actuacións dependen da Dirección Xeral de Patrimonio. Que é o castro mais antigo de Galicia e se debe falar cos propietarios.

2.- Pregunta presentada polo voceiro do grupo nacionalista Xoán Sande co nº 6169 de rexistro relativa a si teñen coñecemento no goberno municipal das queixas dos usuarios e usuarias do SAF e, de ser así, si se teñen adoptado alguna medida coa empresa contratada para corrixir as deficiencias e en qué situación está o proceso de nova licitación.

Contéstalle o alcalde que existen 140 usuarirose que son unas 40 traballadoras. Que o servizo é carísimo, estase prestando entre 19-20 €/h e de subvención recíbense menos de 10 euros. A concelleira Rocío López di que xamais se deixou de prestar o servizo, pero que en ocasións para cubrir unas vacacións ou unha ausencia se cambia á auxiliar e que son os usuarios/as os/as que non queren ás auxiliares.

3.- A voceira socialista María Palomi Rodríguez formula unha pregunta relativa ao plumacho ou Herba da Pampa e si o goberno municipal adoptou alguna medida das solicitadas polo BNG no 2017 ou si se realizou a campaña informativa demandada. En caso negativo pregunta si se ten previsto realizar dita campaña.

Contéstalle o alcalde que en Laracha temos a sorte de que escasamente en dúas zonas hai plumacho, a diferenza doutros municipios que están invadidos.

4.- A voceira socialista María Palomi Rodríguez formula unha pregunta relativa ao feito de que as prazas de aparcamento nas rúas Silverio Moreda Alvariños e Lino Gómez Canedo non están sinalizadas. E pregunta ( RE 6166) si o goberno contempla a posibilidade de delimitar prazas de aparcamento nestas rúas para un maior aproveitamento do espazo e si, en caso negativo, contempla alguna outra actuación.

Contéstalle o alcalde que ó non estar sinalizadas, aproveítase mais o espazo, que iso debe terse en conta. Que a Rúa Silveiro Moreda habería que reconfigurala.

5.- A voceira socialista María Palomi Rodríguez formula unha pregunta relativa a que na rúa Santa Lucía existe perigo de que caian peatíns pois os adoquins están levantados e dáse a casualidade que nese mesmo lugar hai moitas queixas polas deposicións dos animais e pregunta se esta situación pode atallarse cun programa piloto. Contéstalle o alcalde que si nas rúas non hai bolsas pois que as leven os propietarios. Que a rotura dos adoquines é que os coches acceden á zona peatonal. Que de porse bolsas para excrementos de cans, pónerase en mais rúas.

E, sendo as 14:55h dase por rematada a sesión.